

## **Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021, pola que se modifica a resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela**

*A Resolución Reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela regula no seu apartado 4.2 o dereito do persoal docente e investigador da Universidade a solicitar licenzas para o desenvolvemento de actividades docentes ou investigadoras noutras universidades e centros de investigación.*

A recente publicación por parte do Ministerio de Universidades do real decreto 289/2021, de 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español, e posteriormente da orde UNI/551/2021, de 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no real decreto citado, que recolle, entre outras actuacións, unha liña de axudas para a recualificación do profesorado universitario mediante a realización de "estancias de formación nunha universidade ou centro de investigación distinto a aquel co que manteñen a relación estatutaria ou laboral", obriga a revisar a redacción do apartado 4.2 da resolución para dar cobertura á realización destas estadias nas condicións establecidas no real decreto citado.

En consecuencia, e unha vez obtido o informe favorable da Mesa de Negociación de PDI do 18 de xuño de 2021, esta Reitoría resolve modificar o apartado 4.2 da resolución reitoral relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela que queda redactado do seguinte xeito:

***<<4.2. Licenza a efectos de docencia e investigación.- Poderanse conceder licenzas por estudos para realizar actividades docentes ou investigadoras vinculadas a unha universidade, institución ou centro, nacional ou estranxeiro, no marco das dispoñibilidades orzamentarias.***

*Esta licenza debe ter relación directa co ámbito docente e investigador do solicitante, podendo denegarse de non xustificarse tal extremo.*

*As retribucións a percibir serán as que se viñan percibindo cando a duración da licenza por estudos sexa igual ou inferior a 3 meses.*

*Cando as devanditas licenzas teñan unha duración superior a 3 meses e inferior a un ano, recoñecerase ata o 80% das retribucións que se viñan percibindo, en atención, así mesmo, ao interese científico e académico do traballo a realizar.*

*Non obstante, este límite poderase superar cando a licenza se enmarque en programas e convocatorias institucionais con financiamento finalista que así o prevexan.*

*As licenzas para períodos superiores a un ano ou as sucesivas que, sumadas ás xa obtidas durante os cinco últimos anos, superen o devandito período, non darán lugar ao recoñecemento de ningunha retribución. Para este último cómputo non se terán en conta as licenzas que non excedan de dous meses.*

*Con carácter xeral, as retribucións durante as licenzas a efectos de docencia e investigación son compatibles coas axudas e subvencións que puidesen concederse.*

*As solicitudes deste tipo de licenza deberán realizarse a través da secretaría virtual do profesorado cunha antelación mínima de 10 días ao desfrute da licenza. O incumprimento deste requisito poderá levar á denegación da solicitude.*

*Para o non previsto neste apartado estarase ao disposto na normativa estatal de referencia vixente.>>*

Santiago de Compostela, a día da data da sinatura electrónica  
O reitor  
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
21/06/2021 13:52:37.

**CSV:** 6986-BA3F-474B-89E3